

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 26 de febreiro de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 26/02/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 26/02/2020
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Declaración de interese de modificacións del título de Máster en Enxeñaría de Minas
- V. Proposta de límite de prazas
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VI. Proposta de materias optativas
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VII. Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2020-2021
 - a. Proposta PDA G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (vello)
 - b. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (novo)
 - c. Proposta PDA G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (vello)
 - d. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (novo)
 - e. Listaxe priorizada de departamentos
- VIII. Proposta PDA do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2020-2021
- IX. Memoria económica do ano 2019
- X. Orzamento para o ano 2020
- XI. Documentación relativa ao Plan de Calidade:
 - a. Manual de Calidade – Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor
 - b. Manual de Calidade – Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro
 - c. Manual de Calidade – Anexo 6. Mapa de procesos
 - d. Rexistros do procedemento DO0204 Xestión da mobilidade.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2019 e extraordinaria celebrada o 15 de xaneiro de 2020.

Os borradores das actas enviáronse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Directora lembra que o curso pasado se aprobou facer un plantexamento integral da formación de grao e mestrado, levando a cabo a modificación en dúas fases: primeiro as dos títulos de grao (curso 2018-2019) e, posteriormente, a modificación do título de Máster (curso 2019-2020). Por este motivo propónse agora a modificación do Máster en Enxeñaría de Minas e aprobar a declaración de interese (Anexo IV).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a declaración de interese do centro na modificación da titulación de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

4. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2020-2021.

A proposta presentada pola dirección (Anexo V) é a mesma para os dous graos impartidos nesta escola e mantén os criterios do curso pasado: 50 prazas de acceso directo a cada un deles, destinando unha cota para o acceso por traslado de expediente: 2 con estudos estranxeiros e 8 con estudos nacionais.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de límite de prazas.

5. Aprobación, se procede, das persoas responsables da coordinación para o curso académico 2020-2021.

A Directora amosa a proposta de persoas coordinadoras para o curso académico 2020/21:

Coordinación	Responsable
GRAO EE	David Patiño Vilas
GRAO ERME	María Araújo Fernández
MÁSTER UEM	Elena Alonso Prieto
1º CURSO GRAOS	Elena González Rodríguez
2º CURSO GRAOS	Eduardo Giráldez Pérez
3º e 4º CURSO EE	Pablo Eguía Oller
3º e 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS e MUEM	Javier Taboada Castro
1º CURSO MUEM	Teresa Rivas Brea
2º CURSO MUEM	Marta Cabeza Simó
CALIDADE MUEM	María Araújo Fernández
GRAO EE	David Patiño Vilas
PROGRAMA MEET	Ángeles Saavedra González
	Itziar Goicoechea Castaño
	Eduardo Liz Marzán
DIFUSIÓN	José Santiago Pozo Antonio
CALIDADE	Guillermo García Lomba
IGUALDADE	Teresa Rivas Brea
CNL	Elena Alonso Prieto
PIUNE	Ángeles Saavedra González

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece ás persoas da listaxe a súa colaboración co centro.

6. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2020-2021.

A Directora sinala que a bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2020-2021 é de 156 horas, que supón unha redución de 49 horas con respecto ao curso anterior. Aclara que ademais este ano, como novidade, hai que descontar da bolsa de horas do centro un mínimo de recoñecemento de horas ás persoas que coordinan os graos, que é o 12.5% da súa dedicación docente. Isto supón que das 156 horas asignadas ao centro hai que descontar 50 horas. A bolsa a repartir, polo tanto, sería de 106 horas. A proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas do centro é a seguinte:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
David Patiño Vilas	TU	15	Coordinación Grao
María Araújo Fernández	CD	15	Coordinación Grao
Pablo Eguía Oller	TU	8	Organización Docente
Fernando García Bastante	TU	8	Organización Docente
Eduardo Giráldez Pérez	Asoc. T3-P6	8	Organización Docente
Elena González Rodríguez	TU	8	Organización Docente
Teresa Rivas Brea	TU	10	Organización Docente
Guillermo García Lomba	TU	24	Apoio á Calidade
Ángeles Saavedra González	TU	10	Apoio á Calidade
José Bienvenido Díez Ferrer	TU	*	Captación de Estudantes
Raúl Figueroa Martínez	AD	*	Captación de Estudantes
Benito Vázquez Dorrió	TU	*	Captación de Estudantes
TOTAL		106	

Aclara que as entradas marcadas con * na táboa corresponden ás horas de recoñecemento de actividades de captación que este curso teñen unha bolsa específica. Os criterios de reparto desta bolsa da UVIGO están sometidos a aprobación no Consello de Goberno do 27/02/2020 polo que aínda se descoñecen os criterios de reparto entre os centros por este concepto e a cantidade final da bolsa asignada ao centro. Proponse delegar na Comisión Permanente a asignación das horas da devandita bolsa ás persoas que colaboran co centro nas actividades de captación de alumnado.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a asignación proposta da bolsa de horas do centro e a delegación na Comisión Permanente da asignación da bolsa de horas de captación en canto sexa comunicada pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.

7. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2020/2021.

A proposta presentada pola dirección (Anexo VI) consiste en manter a oferta actual de optativas. A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2020-2021.

A Directora explica os detalles da proposta de PDA dos graos (Anexo VII):

➤ G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (novo):

- 1º curso. Aмосa a táboa e explica que a diferenza co curso anterior sería a redución dun grupo B. As materias do plan de internacionalización manterían 2 grupos A e substitúese no plan de

estudos a materia “Xeoloxía” por “Informática: Informática para a enxeñaría”.

- **G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (novo):**
 - **1º curso.** Sen docencia ao ser común co G291V01.
- **G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (vello):**
 - **2º curso:** proponse manter os grupos actuais xa que é o último ano que vai impartirse.
 - **3º curso:** proponse reducir un grupo B en todas as materias.
 - **4º curso:** En 4º curso proponse que as materias queden con 1 Grupo A (salvo as materias do Plan de Internacionalización, que teñen os grupos A desdoblados), 1 Grupo B (a excepción de dúas) e 3 grupos C; deste xeito se reduce o número de grupos B en 3 materias. Cabe sinalar que nalgunha materia proponse aumentar un grupo, para que tódalas materias que se imparten nun cuadrimestre teñan a mesma distribución de Grupos B e C, o que garante un deseño de horarios coherente. A materia “Proxectos” ten o maior número de estudantes, ao tratarse dunha materia común aos dous graos, polo que se propón manter a configuración do curso anterior.
- **G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (vello):**
 - **2º curso:** proponse manter os grupos actuais xa que é o último ano que vai impartirse.
 - **3º curso:** proponse reducir un grupo B en dúas materias.
 - **4º curso:** proponse reducir un grupo B en catro materias e dotar 3 grupos C en tódalas materias.

A Xunta de Escola aproba as propostas de PDA por asentimento. A Directora agradece a María Araújo a elaboración das PDA dos graos.

Finalmente, a Directora comenta a proposta da dirección relativa á listaxe priorizada de departamentos (Anexo VII-e), que consiste en manter a do curso anterior e engadir o Departamento de Informática para a materia de Informática de 1º.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

9. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2020-2021.

A Directora amosa a proposta de PDA do mestrado (Anexo VIII) que foi aprobada pola Comisión Académica do Máster. Sinala que é análoga á do curso actual, aumentando un grupo B en catro materias e un grupo C en dúas materias.

A Xunta de Escola ratifica a proposta de PDA por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2019.

Amosa o documento (Anexo IX) e cede a palabra a Don David Patiño, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos que comenta que é similar ao do ano anterior.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento. A Directora agradece a David Patiño e Ana Cacheiro a elaboración da memoria e o traballo de xestión da execución do orzamento do ano 2019.

11. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2020.

A Directora sinala que o orzamento do ano 2020 é de 96.904 €, o que supón unha redución do 10% respecto ao orzamento do ano 2019, que a súa vez xa se tiña reducido respecto ao do ano 2018.

Amosa o documento (Anexo X) e cede a palabra a Don David Patiño, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos que comenta que é a distribución dos créditos de gasto é similar ao do ano anterior pero reducido polo que se axustaron as partidas. Aclara que hai un item novo para licencias de software xa que non se poden incluír na partida de gastos de laboratorio. Indica que se detectou un erro na táboa do reparto por áreas na documentación enviada aos membros da Xunta de Escola e amosa a táboa corrixida.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento. A Directora agradece a David Patiño e Ana Cacheiro a elaboración do documento.

12. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora indica que a documentación se achegou coa convocatoria da Xunta de Escola e foi aprobada na Comisión de Calidade da EEME do 26 de febreiro de 2020.

Lembra que o Manual de Calidade foi aprobado na Xunta de Escola do 06/10/2015 e que varios dos seus anexos xa se foron actualizando. Agora propónse aprobar a actualización dos seguintes anexos do Manual de Calidade (ANEXO XI):

- **Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor**, para incluír o procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos, aprobado o 18/12/2019.
- **Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro**, para retirar da listaxe a titulación Máster en Xeoinformática que se atopa en proceso de extinción.
- **Anexo 6. Mapa de Procesos**. A última sección do Manual de Calidade, 6.5 Mapa de Procesos, está obsoleta trala aprobación de varios procedementos de calidade nos últimos anos e a consecuente eliminación dos procedementos aos que substitúen. Propónse extraer do Manual de Calidade a devandita sección e transformala no Anexo 6. Mapa de Procesos, actualizado cos procedementos en vigor, de xeito que sexa coherente coa listaxe do Anexo 1.

A continuación comenta que os rexistros do procedemento **DO-0205 P1 Xestión da mobilidade** (ANEXO XI-d) foron elaborados coa axuda de Don Santiago Pozo-Antonio, Subdirector de Relacións Externas e Mobilidade, e exponos brevemente:

- **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado.** Este rexistro resume a mobilidade do alumnado do centro. Faise unha comparativa cos datos do curso anterior, que reflicta un aumento importante da mobilidade nos graos e a súa desaparición no mestrado.

	Curso 2019-20			Curso 2018-19		
	GEE	GERME	MUEM	GEE	GERME	MUEM
Total alumnado	11	3	0	5	0	3
Porcentaxe total	5,9%	4,3%	0,0%	2,3%	0,0%	11,1%
Porcentaxe Mulleres	7,8%	14,3%	0,0%	3,2%	0,0%	25,0%
Porcentaxe Homes	4,9%	0,0%	0,0%	2,0%	0,0%	8,7%

- **R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.** Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase que o número de participantes baixou lixeiramente: pasou de 15 a 12.

Ademais, este curso o Subdirector elaborou dous rexistros máis para recompilar a mobilidade do profesorado e do persoal investigador:

- **R3-DO0205 P1 Listaxe de PDI propio.** Este rexistro recolle a mobilidade do PDI do centro (1 participante).
- **R4-DO0205 P1 Listaxe de PDI de mobilidade alleo.** Este rexistro resume a mobilidade do PDI alleo acollido no centro (5 participantes).

A Xunta de Escola aproba por asentimento os rexistros de Calidade. A Directora agradece a Iago Pozo a elaboración dos documentos relativos a mobilidade e a Guillermo García a xestión da documentación relativa ao Plan de Calidade do centro.

13. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 57 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e seis de febreiro de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 26/02/2020

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 26/02/2020

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Declaración de interese de modificacións del título de
Máster en Enxeñaría de Minas

ANEXO V

Proposta de límite de prazas

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

ANEXO VI

Proposta de materias optativas

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

ANEXO VII

PDA dos Graos para o curso académico 2020-2021

- a. Proposta PDA G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (vello)
- b. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (novo)
- c. Proposta PDA G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (vello)
- d. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (novo)
- e. Listaxe priorizada de departamentos

ANEXO VIII

Proposta de PDA do Máster en Enxeñaría de Minas
para o curso académico 2020-2021

ANEXO IX

Memoria económica do ano 2019

ANEXO X

Orzamento para o ano 2020

ANEXO XI

Documentación relativa ao Plan de Calidade:

- a. Manual de Calidade – Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor
- b. Manual de Calidade – Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro
- c. Manual de Calidade – Anexo 6. Mapa de procesos
- d. Rexistros do procedemento DO0204 Xestión da mobilidade